

REGULAMENTO MINIBALONMÁN (Categorías Benxamín e Alevín)

Actualmente estanse a manifestar erros na aplicación do Regulamento de Minibalonmán por parte de colexiados/as e adestradores/as. É importante unificar os criterios para evitar problemas en fases posteriores da competición, por este motivo, recordamos os principais aspectos a ter en conta do Regulamento de Minibalonmán da FGBm. nos que se recollen as novidades desta tempada:


1. **BALÓN OFICIAL** : Os balón oficial e obrigatorio en todos os encontros é o Balón Hummel KIDS.
2. **DURACIÓN DO ENCONTRO**: Cada encontro terá unha duración de 4 períodos de 8 minutos, podendo ser a duración de 10 minutos se a xornada non se xoga en formato concentración, será tempo corrido.
3. **TROCOS**: non poderá haber cambios de xogadores/as en ningún dos catro tempos.
4. **BOTE UNITARIO**: Os xogadores/as tan só poderán dar un único bote dentro do ciclo de pasos.
5. **GOL**: non vale o gol a pase de porteiro, sempre haberá que dar un pase máis.
6. **DEFENSAS**: É obrigatoria a defensa individual a todo o campo durante todo o encontro.
7. **EXCLUSIÓN**: A exclusión suporá que o/a xogador/a infractor abandone o campo durante o ataque do equipo rival, quedando o seu equipo en inferioridade; unha

vez recuperado o balón o/a xogador/a poderá volver a entrar. No caso de que a infracción supoña un lanzamento de seis metro; despois do lanzamento, o equipo do xogador infractor terá que xogar o ataque en inferioridade e recuperará a igualdade en defensa.

8. **PORTEIRO/A:** non poderá xogar o mesmo porteiro/a os catro tempos.
9. **PRÓRROGAS:** en caso de empates en eliminatorias a prórroga disputarase a un único tempo de 4 minutos, podendo haber unha segunda prorroga en caso dun novo empate; de seguir a igualdade lanzaranse 3 lanzamentos de 6 metros.

RESPONSABILIDADES DOS ORGANIZADORES (SEDES DE XOGO)

- Ter campos de minibalonmán, pintados ou marcados con cinta adhesiva de balizamento, de ser con cinta permítese que as áreas sexan de forma xeométricas. Exemplo:



- Dispor de dous marcadores manuais, dúas mesas e dúas cadeiras.
- Colocar un banco con capacidade para 6 persoas por equipo.
- Colocar 4 porterías, dúas en cada campo de minibalonmán. As porterías deben ter algún sistema de redución de altura, para que os longueiros benxamíns estean a 1,60m e os alevíns a 1,80m.

- Ter un marcador central con cronómetro dixital.
- Ter un vestiario para nenos e outro para nenas.
- Dispor dun mínimo de 3 botellas de auga de 1,5 litros por equipo e encontro ou 8 botellas de 0,5 litros.
- Facilitar un balón Hummel Kids talla 0 e un balón talla 0,0 por campo.
- Dispor dun xogo de 5 petos por campo.
- O organizador é o responsable de imprimir unha acta de MInibalonmán por encontro e colocalas na mesa.



En Vigo a 02 de Marzo de 2020.